



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E A EMPRESA GRUPO EMPRESARIAL ENCE, S.A., PARA OS TRÁFICOS DE PASTA DE PAPEL OPERADOS A TRAVÉS DO PORTO DE RIBADEO

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar coa empresa Grupo Empresarial Ence, S.A. (en adelante "ENCE"), o convenio arriba referenciado, por un período vixencia que abrangue ata o 31 de decembro de 2023 respecto das obrigas reguladas no dito convenio. O convenio ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

1.- Que a empresa ENCE S.A. xera un tráfico de mercadoría xeral a través das instalacións do Porto de Miraflores en Ribadeo.

2.- Que a actividade xerada admite a imposición duns tráficos mínimos.

3.- Que Portos de Galicia considera que estes tráficos pola súa relevancia son sensibles para a economía de Galicia e son prioritarios e estratéxicos, de forma que poden articularse accións comerciais en colaboración co sector privado e a súa adaptación ás condicións de mercado. Ademais, favorecen a optimización da xestión das infraestruturas portuarias existentes e contribúen directamente a aumentar o desenvolvemento do Porto e dos diferentes operadores e axentes que interveñen na operativa portuaria asociada.

4.- Que a modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece unha serie de bonificacións para potenciar a captación e consolidación de tráficos á taxa X-3 da mercadoría e da pasaxe en función de que existan compromisos de tráfico relevantes, para o que hai que realizar un convenio co suxeito pasivo beneficiado.

5.- Que con data 9 de xuño de 2010 asinouse o acordo de Colaboración entre Portos de Galicia e ENCE relativo ao tráfico de pasta de papel no porto de Ribadeo.

6.- Que coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na cláusula Terceira do Acordo do 9 de xuño de 2010 que venceu o seu prazo o 1.01.2020 e á normativa mencionada no expositivo anterior, as partes subscriben un Convenio con data 15 de xuño de 2011 co obxecto, entre outros, de establecer as bonificacións ás que se refiren devandito Acordo e devandito expositivo que venceu o seu prazo o día 31.12.2019.

7.- Que devandito convenio prorrógase ata o 29 de febreiro do 2020.

8.- Que estando próximo o vencemento da devandita prórroga, Portos de Galicia, aprecia que existen as seguintes circunstancias que en atención ao interese público da xestión portuaria fundamentan o acerto e oportunidade de formalizar un novo convenio con ENCE que fidelece devanditos tráficos e asente o compromiso común de colaboración.

9.- ENCE S.A. está en disposición de incrementar ata as 450.000 t. anuais fretadas a través o porto de Ribadeo reforzando así o seu compromiso. 10.- Nos próximos 4 anos, garantidos uns tráficos e ingresos mínimos, Portos de Galicia compromete acometer investimentos importantes que





revertan o estado do mesmo ás condicións da firma do anterior convenio. Estes investimentos planifícanse asociadas ás dragaxes da canle principal e mantementos do mesmo:

- ANO 1: Dragaxe da canle principal: maio- setembro 2020
- ANO 2: Dragaxe xeral do porto de Ribadeo: maio – setembro 2021
- ANO 3-4: Dragaxes de mantemento asociados á dragaxe xeral: maio – setembro 2022, 2023 e 2024 segundo necesidade.

11.- Que manténdose o interese público que subxace nos pactos e accións descritas anteriormente, as partes acordan renovar un novo convenio de colaboración.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente Convenio consiste en regular as bases da colaboración entre Ence e Portos de Galicia non que atinxe a Portos de Galicia declara tráfico relevante o correspondente á pasta de papel con orixe as instalacións de ENCE en Navia, Asturias e, en consecuencia, procederá á aplicación de bonificacións á taxa X-3 da mercadoría aos tráfico indicados realizados no Porto de Ribadeo.

Coa sinatura do convenio Ence comprometer á alcanzar a xestión acumulada, no período de duración do convenio, de 1.200.000 toneladas, a razón de 300.000 toneladas anuais, de pasta de celulosa no porto de Ribadeo.

Así mesmo, Ence moverá outras mercadorías a través do porto de Ribadeo que terán cobertura neste convenio.

Os movementos que son obxecto deste Acordo son:

- Movementos de mercadoría a través do porto de Ribadeo realizado por Ence ou as súas filiais.
- Movementos estratéxicos que veñan reforzar a dispoñibilidade do porto de Ribadeo para a saída da produción de pasta de celulosa ou de calquera outra mercadoría relacionada coa produción de ENCE.

Portos de Galicia realizará a bonificación sinalada no cadro anterior na Taxa X-3, Mercadorías correspondente ao mencionado tráfico operado a través do Porto de Ribadeo segundo os seguintes:

- A aplicación de calquera bonificación requirirá o cumprimento dos tráfico anuais mínimos pactados na estipulación terceira.
- A aplicación da taxa supón cumprir o chanzo de tráfico.
- As primeiras 200mil ton facturaránse de acordo á tarifa estipulada na columna 1, en caso de non chegar á o volume de tráfico
- O exceso de 200 mil ton/ano ata 300mil ton/ano facturarase de acordo coa columna 2
- O exceso de 300 mil ton/ano facturarase de acordo á columna 3.
- Se non se chegase ao tráfico mínimo de 300mil ton/ano, ao final do exercicio Portos de Galicia facturará o importe total das bonificacións que fosen aplicadas ao longo do ano.
- En caso de non cumprir o calendario de dragaxes previsto neste convenio, non será de aplicación a redución da bonificación correspondente a ese ano.

A modificación de calquera outra bonificación a realizar de acordo coas bases de aplicación das taxas particulares das concesións e/ou autorizacións existentes ou futuras relacionadas co tránsito da mercadoría obxecto deste convenio no Porto de Ribadeo nos tráfico de importación / exportación, supoñerá a revisión do convenio.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Ribadeo.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,